



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE MERCADO

Artigo 1.- Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.4 u) da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación dos servicios de Mercado de Abastos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a ocupación de postos, locais e demais aproveitamentos nos mercados do termo municipal, así como a prestación dos servicios ordinarios establecidos nos mercados.

Artigo 3.- Suxeito pasivo

Estarán obrigados ó pago as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria a favor das cales sexa outorgada a licencia ou concesión do posto, que realicen a venta en ambulancia, e, en xeral, os usuarios dos servicios suxeitos ó pago da taxa conforme ó artigo 2.

Artigo 4.- Responsables

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, Interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Cota tributaria

A cota da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada na Tarifa seguinte:

Concepto	Euros
Na planta alta:	
Postos 1, 4, 5 e 6, ó ano	1.070,14
Posto 2, ó ano	353,11
Posto 3, ó ano	801,71
Posto A, ó ano	641,36
Postos B, C, D e E, ó ano	535,09
Posto F, ó ano	427,88
Postos non reservados, por día e m/2	0,58
Na planta baixa:	
Postos 1, 2, 3, 4 e 13, ó ano	1.070,14
Posto 5, ó ano	1.390,85
Postos 6, 8 e 14, ó ano	538,37
Posto 10, ó ano	801,71
Postos 9, 11 e 12 ó ano	962,07



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Postos 7 e 15, ó ano	1.283,65
Postos en bancada, reserva, A, E e C, ó ano	320,70
Postos en bancada, reserva B, ó ano	427,88
Postos bancada non reservados, por día e m ²	1,16

Artigo 6.- Devengo

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír dente que teña lugar a utilización dos bens e servizos.

Artigo 7.- Normas de xestión

- 1) A cobranza desta taxa farase directamente pola Administración Municipal.
- 2) O pago dos expresados servizos efectuarase polos interesados contra talón ou recibo que expedido polo Concello.
- 3) As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.
- 4) O encargado do mercado remitirá no primeiro mes de cada exercicio relación de tódolos obrigados ó pago por instalacións fixas, indicando a súa numeración, destino e cota sinalada, para coñecemento da Intervención municipal e en Tesourería. Remitirá, do mesmo xeito, mensualmente relación de altas e baixas acontecidas con expresión das datas nas que tiveron lugar.
- 5) As persoas ocupadas en ocupar postos por día, o solicitarán do encargado do mercado, quen sinalará o lugar e efectuará o cobro do prezo ó momento da ocupación.
- 6) As cotas liquidadas e non satisfeitas o seu debido tempo, faranse efectivas pola vía de apremio.

2

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza fiscal aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de outubro de 2007, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.